ACTA Nº 13 DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

PROCLAMACIÓN PROVISIONAL DA PRESIDENCIA E DOS MEMBROS ELECTOS DA COMISIÓN DELEGADA

O 26 de outubro de 2026, reúnese por medios telemáticos a Xunta Electoral da Federación Galega de Atletismo, validamente constituída, para proceder á proclamación provisional da persoa elixida para a Presidencia e dos membros electos da Comisión Delegada, tras a celebración da sesión constitutiva da Asemblea Xeral.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Mediante a Acta nº 11, do 20 de outubro de 2026, esta Xunta Electoral proclamou definitivamente a candidatura de D. Iván Pablo Sanmartín Carreira como única candidatura á Presidencia da Federación Galega de Atletismo e as seis candidaturas presentadas aos postos electivos da Comisión Delegada.

Na mesma acta convocouse a sesión constitutiva da Asemblea Xeral para o día 23 de outubro de 2026, na Sala Eisenman da Cidade da Cultura de Galicia, Edificio Centro de Emprendimiento Creativo (CEM), Santiago de Compostela.

SEGUNDO.- O día 23 de outubro de 2026 celebrouse a sesión constitutiva da Asemblea Xeral, na que se desenvolveron os actos electorais correspondentes á elección da Presidencia e dos seis membros electivos da Comisión Delegada coa asistencia das persoas e entidades relacionadas no Anexo desta acta

Ao existir unha única candidatura definitiva á Presidencia, non foi necesaria a celebración de votación, conforme ao artigo 24.6 do Regulamento Electoral.

Tampouco foi necesaria a celebración de votación para os seis postos electivos da Comisión Delegada, ao coincidir o número de candidaturas definitivas co de postos que correspondía cubrir, conforme ao acordado nas actas nº 10 e nº 11.

TERCEIRO.- Procede efectuar a proclamación provisional dos resultados dos citados actos electorais na data prevista no calendario electoral.

Á vista do anterior, de conformidade co Regulamento Electoral da Federación Galega de Atletismo e co Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, a Xunta Electoral

ACORDA

I) Proclamar provisionalmente a D. Iván Pablo Sanmartín Carreira como presidente electo da Federación Galega de Atletismo, tras a celebración da sesión constitutiva da Asemblea Xeral do 23 de outubro de 2026, na que resultou elixido sen necesidade de votación por existir unha única candidatura definitiva.

II) Proclamar provisionalmente como membros electos da Comisión Delegada da Federación Galega de Atletismo, para os seis postos de elección pola Asemblea Xeral, as seguintes persoas e entidades:

Estamento	**Persoa ou entidade electa**
Entidades deportivas	Club Marineda Atlético
Entidades deportivas	Sociedad Gimnástica de Pontevedra
Entidades deportivas	ADAS (Asociación Deportiva Atlética Sil)
Atletas	Iván Sangiao Darriba
Adestradores e adestradoras	Mayka Jueguen Lago
Xuíces	Ángel López Montesinos Vázquez

Esta proclamación comprende exclusivamente os seis postos electivos. Os tres postos de designación pola Presidencia serán provistos nos termos previstos no artigo 25.2 do Regulamento Electoral, dentro dos dez días hábiles seguintes á toma de posesión da persoa titular da Presidencia.

Publíquese a presente acta na sección “ELECCIÓNS 2026” da páxina web federativa.

Notificar os presentes acordos á persoa proclamada provisionalmente presidente electo e ás persoas e entidades proclamadas provisionalmente membros electos da Comisión Delegada. Comunicar igualmente estes acordos á Comisión Xestora.

Contra a presente proclamación provisional poderá interpoñerse recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de tres días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación. O recurso presentarase ante esta Xunta Electoral, que procederá á súa remisión xunto co expediente e o correspondente informe.

O secretario da Xunta Electoral

Asdo.: Manuel A. Suárez Collantes



ANEXO: RELACIÓN DE ASISTENTES Á ASEMBLEA XERAL DE 23 DE OUTUBRO DE 2026

1. LA MOCHILA DEL DEPORTE
2. CLUB ATLÉTICO BERGONDO
3. AMES ATLETISMO
4. ATL. A SILVA
5. MARINEDA ATLÉTICO
6. CLUB ATLETISMO PINO
7. SD COMPOSTELA ATLETISMO
8. OLÍMPICO DE VEDRA
9. NOITEBRA
10. ATLETISMO SAR
11. CLUB ATLETISMO SADA
12. RIA DE FOZ
13. CLUB DEPORTIVO BIOSBARDO
14. CD LA PURISIMA
15. ADAS (SOCIACION DEPORTIVA ATLETICA SIL)
16. ESCOLA ATLÉTICA DE PEREIRO DE AGUIAR BEN CHO SEY
17. CLUD DEPORTIVO AURUM
18. CELTA ATLETISMO
19. ATLETISMO +9 MORAÑA
20. GIMNASTICA DE PONTEVEDRA
21. ASOCIACION DEPORTIVA CAR
22. IVÁN PARDAL COCA
23. ESTHER PEDROSA CARRETE
24. MIGUEL ANGEL NOGUEIRA PEREZ
25. RAUL GUDE HERVES
26. IVAN SANGIAO DARRIBA

27. DIEGO MIGUEZ ALVAREZ

28. ANTIA BARRIO CABALEIRO

29. ANDRES CORUGEIRA LIGERO

30. ANTON GOMEZ GONZALEZ

31. MAYKA JUEGUEN LAGO

32. IGNACIO CASTRO SANTOS

33. ANGEL LOPEZ-MONTESINOS

34. ANDRES ANXO PEREZ SANCHEZ

35. EVA SALVADO PRIETO